


PEZA DO MES

xuño

2023



**DEBUXOS
XESÚS CORREDOIRA**

Debuxos. Xesús Corredoira

Os dous debuxos que constitúen a presente peza do mes ingresaron nas coleccións do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense en 2002 como depósito da Xunta de Galicia, mediante compra, tras a oferta dun particular, quen pola súa vez os adquiriu nun anticuario na cidade de Burgos. Son obra do artista lucense Xesús Rodríguez Corredoira de Castro (Lugo, 1889-Portela de Roxos, Santiago de Compostela, 1939), do que a maior parte da súa produción se conserva no Museo Provincial de Lugo.

Corredoyra, así asinaba as súas obras, nace no seo dunha familia de ambiente tradicional, pertencente á antiga fidalguía galega, que lle transmite unha profunda formación relixiosa, que haberá de forxar nel unha personalidade mística e atormentada, en constante conflito interior, claramente visible na súa arte.

A súa infancia transcorre na casa natal dos Loureiros, preto da muralla lucense, e da familia de Álvaro Gil Varela, quen chegará a ser un bo coleccionista da súa pintura. Dende moi novo manifesta grandes dotes para o debuxo e axiña se traslada a Madrid, onde en 1903 ingresa na Escola de Belas Artes de San Fernando, grazas a unha bolsa de estudos que lle concede a Deputación Provincial de Lugo. Compaxina a súa formación coa aprendizaxe nos talleres dos pintores valencianos Cecilio Pla (ata 1906) e Joaquín Sorolla (entre 1906 e 1909), dous dos máximos representantes do que se denominou a España branca, caracterizada polo luminismo. A influencia dos seus mestres faise patente nos cadros da súa primeira etapa como *A Charra*, *O neno con sombreiro de palla* e *O Bañista*.

Neses anos participa en diversos certames e concursos e obtén mencións honoríficas nas exposicións Nacionais de Belas Artes de 1908 e 1910, ano no que regresa a Lugo. Tras o seu matrimonio con Mercedes Bahamonde en 1915, instálase primeiro na Coruña e despois en Santiago, onde, dada a súa privilexiada posición social e relacións, se converte no retratista de intelectuais e da burguesía e o clero locais. Coñecido é o seu *Retrato de Castelao*, con quen mantivo unha especial relación de amizade. Retrátalo cun debuxo de Valle Inclán entre as mans, o que dun modo alegórico reflicte a común admiración polo escritor.

Dende o momento da súa volta a Galicia, a obra de Corredoira sofre unha profunda transformación e aparece transida dun forte arrebatado relixioso. O pintor, sumido nunha profunda crise existencial, atravesou unha fase de recolleemento ascético. Faise membro segrar da Orde Terceira franciscana e dedícase con avidez á lectura da Biblia e dos místicos españois. A súa pintura vai renunciar a todo indicio luminista

e optará por unha paleta austera, escura e fría, cun característico emprego do negro. Creará entón unha obra moi persoal, marcada por un sentimento místico e idealista na procura dunha pintura con «alma», que achega un enfoque simbólico á definición dunha psicoloxía galega. Así, mentres outros pintores costumistas galegos como Sotomayor profundaban nos aspectos raciais dos seus personaxes, Corredoira destacará os compoñentes anímicos da fisionomía, espiritualizando e incluso deformando as figuras.

Os seus cadros, de gran formato, expresan unha visión decadente de Galicia, inmersa en reminiscencias literarias de relixiosidade, lendas e mitos medievais, que evocan a prosa de Valle Inclán. Porén, a obra de Corredoira aparece impregnada dunha melancolía e un misticismo que remiten ás correntes do Simbolismo e o Prerrafaelismo europeo, á vez que o seu modo de facer se orienta na busca dunha tradición pictórica que redescobre os valores estéticos de artistas do pasado, especialmente do Greco, de quen copiará o seu *San Bernardino de Siena*. Lembremos que en 1908 Bartolomé Cossío publica o seu magno estudo sobre o pintor cretense, que tanto habería de influenciar na súa revalorización entre os escritores da Xeración do 98 e os artistas coetáneos.

Todos estes elementos fan que as composicións de Corredoira transmitan unha idea de afastamento e irrealidade. Os numerosos personaxes que poboan as súas escenas recórtanse sobre fondos sombríos e presentan un canon especialmente alongado, acentuado nas mans. Son figuras ascéticas, atemporais, de rostros angulosos e pálidos pintados en tons amarelo verdosos, cal espectros, e aparecen envoltas en parcas roupaxes escuras, e mostran un aire de tristura, mesmo dramático.

En ocasións, os cadros adquiren a estrutura de retablos coas súas predelas ou acompañanse de inscricións e citas procedentes dos Salmos bíblicos, ás veces en primeira persoa, como un acto de fe introspectivo. Ademais, aparecen nun mesmo ámbito a imaxinería sagrada e os personaxes reais que completan a escena.

Pode considerarse que é entre os anos 1910 e 1916 cando Corredoira desenvolve o seu mellor momento creativo, o seu período máis místico e, polo tanto, máis achegado ao Simbolismo. Obras como *Fame en Lugo* (1910), *A Miña Familia Cristiá* (1910), *A Sagrada Familia* (1911) e *Viúvas de Náufragos* (1914), entre outras, son ben representativas das características sinaladas. De 1916 é un dos seus cadros máis coñecidos, *Schola Cantorum Compostelae*, premiado cunha segunda medalla na Nacional de Belas Artes de 1917, exposición á que tamén enviou *As capas de Santa Isabel*.



DEBUXO. INVENTARIO DX0440

A finais desta etapa deben pertencer tamén os dous debuxos que conserva o museo ourensán. Un deles é un sinxelo retrato, realizado con lapis de cores sobre papel, de 19 x 12 cm, que mostra a figura dun neno de curta idade cun libro na man, que está aprendendo a ler, e ten a seguinte dedicatoria: «A Marcelinito con mucho cariño. Corredoyra». O outro, un debuxo a tinta, de 26x20 cm, ten o interese engadido de estar realizado sobre un papel timbrado do desaparecido hotel ourensán Gran Hotel Roma, e conta coa seguinte lenda e dedicatoria «Altar del Perpetuo Perdón. Tu y yo. A mi esquisito amigo Marcelino con todo mi espíritu torturado y lleno de afecto Corredoyra», na que o artista deixa constancia escrita do seu desacougo vital neses anos. Baixo un arco do que pende unha lámpada votiva, das típicas de altar, mostra un home axeonllado coa cabeza baixa e as mans unidas en actitude de oración, ou quizais mellor de perdón –de aí o nome que lle dá o autor–, ante unha alongada figura feminina cun rostro de grandes olleiras, ataviada cunha túnica de motivos florais, á que unha cegoña parece retirarlle o veo que a cobre. A simboloxía desta ave, considerada de bo augurio, ademais de á fertilidade, pode aludir ao vínculo e fidelidade entre unha parella.

Os debuxos, sen moita dúbida, van dedicados ao seu bo amigo Marcelino Blanco de la Peña (1878-1964) e ao seu fillo Marcelinito. Blanco de la Peña foi un importante empresario santiagués, nado no Porriño, que desenvolveu unha intensa actividade social e de promoción económica. Encontrámolo como presidente da banca «Hijos de Olimpio

Pérez», propiedade da familia da muller, Celestina Pérez Esteso. Será presidente da Cámara de Comercio Santiaguesa e estará moi ligado ao sector enerxético, inicialmente, a través da «Sociedad de Gas y Electricidad» de Santiago e, logo da súa constitución en 1923, da «Sociedad General Gallega de Electricidad». Vinte anos máis tarde, será un dos tres fundadores de FENOSA, xunto con Pedro Barrié de la Maza e Andrés Pardo. Ata a fin dos seus días, foi vicepresidente da eléctrica. Tamén foi impulsor da Compañía de Ferrocarriles de Galicia e das minas de carbón. Polo que respecta á vida cultural e social, estará moi ligado aos círculos católicos santiagueses, participando na comisión organizadora do Ano Santo 1920 e, xunto con Sánchez Cantón e Filgueira Valverde, impulsa en 1949 a editorial do galeguismo máis posibilista «Bibliófilos Gallegos», da que será vicepresidente. Neste ambiente era lóxica a súa proximidade ao pintor Corredoira, quen lle realiza en 1918 un retrato de corpo enteiro, que aparece reproducido no número do 1 de maio da revista *Vida Gallega*.

Durante os anos que transcorren entre 1922 e 1928, despois de viaxar por Francia e Bélxica, Corredoira reside en América, e realiza numerosos retratos e celebra exposicións en Montevideo, Santiago de Chile, Bos Aires, Cuba, Washington e Nova York. En 1929 regresa a Santiago de Compostela e continúa pintando, aínda que con menor intensidade, ata a súa morte en 1939.

Na súa faceta como retratista segue a estela de Ignacio Zuloaga, pintor que se asocia ás ideas estéticas dos escritores da Xeración do 98 e máximo representante da España negra, captando a imaxe do retratado en primeirísimo plano e descentrada, ante un fondo de paisaxe con ceos tormentosos ou anubrados, moitas veces vistos a través dun arco ou ventá, nun tratamento que evoca tamén o dos pintores renacentistas. Nos seus retratos femininos tense sinalado ademais a influencia de Julio Romero de Torres. As súas mulleres son igualmente morenas e de ollos profundos, pero distínguense pola elegancia da súa liña e a falta de sensualidade, que se transforma nunha espiritualidade similar á dos protagonistas dos seus temas relixiosos e populares.

A obra de Xesús Corredoira, que manifesta sempre as súas íntimas emocións e sentimentos, na que como vimos se mesturan diversas tendencias artísticas e se recoñecen influencias literarias e de pintores como O Greco, Zuloaga e Julio Romero de Torres, ofrece un estilo único, perfectamente identificable e orixinal dentro do panorama artístico galego.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco